

RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE ABRIL DE 2018 QUE REGULA O EXERCICIO DOS DEREITOS ELECTORAIS DO PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NAS ELECCIÓNS Á XUNTA DO PAS FUNCIONARIO DO 10 DE MAIO DE 2018

Convocadas eleccións a Xunta de Persoal funcionario de administración e servizos para o vindeiro día 10 de maio de 2018, e co obxecto de regular e facilitar o exercicio dos dereitos e deberes do persoal funcionario de administración e servizos desta Universidade que participe directamente na súa organización e desenvolvemento

Ao abeiro do previsto nos artigos 28, 76 e 78 da *Lei orgánica 5/1985*, do 19 de xuño, *do réxime electoral xeral* e de conformidade coas facultades que lle confire a *Lei 6/2001*, de 21 de decembro, *orgánica de Universidades* e os Estatutos da Universidade de Vigo,

ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Primeiro. O persoal que forme parte como presidenta/e ou vogal de mesas electorais e quen acredite a condición de interventor/a terá dereito a un permiso retribuído que comprenderá o día da votación e o día laborable inmediatamente posterior ao da votación. O persoal que acredite a condición de apoderada/o terá dereito a un permiso retribuído o día da votación.

Segundo. As xefas e xefes ou responsables das unidades respectivas requirirán os oportunos xustificantes ao persoal que faga uso do previsto nesta resolución.

Vigo, 20 de abril de 2018



Salustiano Mato de la Iglesia

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201800005419
24/04/2018 09:33:43